

Buenos Aires, 23 de Mayo de 1974.

Sr. D. Marino Dónega Rozas

A Coruña

Meu querido Dónega:

Débesme carta, mais hoxe escriboche pra te pedir que inicies os trámites referintes á legalización do Museo si non ^{os} inicias xa. Recibín unha carta de Isaac onde me fala do pleito do Castro e ó remate refírese a que non estaría de mais que eu che escribise encol deses trámites. Mañaba, pola miña parte, telo feito xa. É moi importante a legalización do Museo e a desñación do Patronato. Feito esto e o edificio ~~en~~ teño moitos plans pra o futuro que serán moi útiles a Galicia, e de feito a Coruña e a todo o radio que vai de Santiaio ó Ferrol, dos que xa falaremos cando regrese. E cuasi seguro que voltemos a fins deste ano, despóis de liberarme dos compromisos contraídos nesta, e fora xa o pleito que ti levaches cuio resultado nos aliviou, e mais eliviados estaríamos si saupésemos que non lle pasou nada ó soldado, únicamente algunha amonestación por eso de defender a moral, algo que, xa se sabe, ten de facer un soldado.

Gostaríame tamén saber, si me contestas, si os dibuxos que estóu mandando deiquí ~~siguan~~ intresando ás xentes. Sei que a Pillado sí, mais gostaríamos coñecer a tua opinión.

Hoxe ren mais. Recibide Fernanda e tí, e Fernando, unha aperta moi garimosa de Maruja e miña: